



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de novembro de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

#### **10.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS ANO 2021. EXPTE. 8807/335.**

Visto o informe xurídico do 09/11/2021 e o informe de fiscalización do 08/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 09/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 05 de agosto de 2021 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2021 (expte. 8807/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 130.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 20 de agosto de 2021 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2021. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, (14 de setembro de 2021) sendo o inicio o 15 de setembro e o remate o 05 de outubro de 2021, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base décimo primeira (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 29 de outubro de 2021 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dna. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Enrique Rodríguez Bastos como secretario.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 29 de outubro que leva anexa a folia de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados pola Xefa do Servizo de Festas segundo o decreto de data 05 de xullo de 2021, e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 14:51	Páxina 1 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AC47-E54ACB-59E1EB-YZ1JY7-GSFCEV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Dado o atraso producido na tramitación e posterior aprobación da resolución de concesión das presentes bases de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2021 (expte. 8807/335), é necesario ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes, respectando sempre o prazo establecido na Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2021 e as Normas de peche do exercicio orzamentario 2021. Tal ampliación propónse respectando o requisito establecido polo Plan Estratéxico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo de xustificación das subvencións que se estableza sexa dentro do exercicio económico e non poña en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio. Entendendo pois que se cumpren ditos requisitos, propónse o prazo de xustificación da presente subvención ata o 22 de novembro de 2021 (incluído).

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima primeira 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

**PRIMEIRO:** Que se resolva a convocatoria de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2021 (expte. 8807/335) de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 29 de outubro de 2021 por un importe total de **59.799,69 €** con cargo á aplicación **3380.489.0000** do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

EXPTE	SOLICITANTE	CIF/NIF	epig	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
<b>FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.1. Festas de especial interese urbano. Asignación fixa por festa 8.000 €</b>					0,00 €	0,00 €
<b>FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 5.000 €</b>						
8957-335	Asociación Irmandade de Santa Ana Beade	G36648095	1,2	Festas Patronais na honra de Santa Ana	5.000,00 €	5.000,00 €
<b>FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. Asignación fixa 4.000 €</b>					0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL GASTO CONCEPTO 1</b>					<b>5.000,00 €</b>	<b>5.000,00 €</b>

EXPTE	SOLICITANTE	CIF/NIF	epig	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
<b>ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E RELACIONADAS COAS ARTES ESCÉNICAS 125.000 € (130.000 menos 5.000,00 €)</b>						
8947-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	2,1	Romaría de San Cipriano e San Cornelio	2.000,00 €	2.000,00 €
8950-335	Grup. Centros Culturais do Concello de Vigo	G36791291	2,1	Encontro Folclórico	4.555,28 €	4.555,28 €
8951-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	2,2	XXXVI Certame festa da tortilla e churrasco	1.068,01 €	1.068,01 €
8953-335	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G27762434	2,1	Encontro de Teatro	2.470,66 €	2.470,66 €
8956-335	Asociación Cultural Traspés	G27739861	2,1	IX Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés	2.000,00 €	3.200,00 €
			2,2	XI Serán Traspés	1.200,00 €	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 14:51	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AC47-E54ACB-59E1EB-YZ1JY7-GSFCEV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

8961-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	2.1	Verán Cultural	924,00 €	924,00 €
8962-335	Asoc. Festas a Paloma da Garrida- Valladares	G36962389	2.1	Verbenas da Pomba	2.000,25 €	2.000,25 €
8964-335	Asoc. Cul. Hdad. Festas Sta. Mariña – Cabral	G36837425	2.1	Festas Patronais Santa Mariña de Cabral	3.000,00 €	3.000,00 €
8965-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	2.1	Concerto de Piano	658,85 €	1.274,04 €
			2.2	Andaina Muiños de Gontade	615,19 €	
8971-335	Asoc. Her. Fiestas Patronais de Candeán	G36757003	2.1	Festas Patronais de Candeán	3.000,00 €	3.000,00 €
8972-335	Asociación Veciños "Xunta Parroquial" de Valladares	G36750396	2.1	XXIII Certame Internacional de Regueifas	1.500,00 €	2.700,00 €
			2.2	A Rapazolada na Cerna	1.200,00 €	
8973-335	Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares	G36617082	2.1	A Música Tradicional-Revista	2.000,00 €	3.300,00 €
			2.2	Celebrando a cultura e as letras Galegas	1.300,00 €	
8979-335	Irmadade de San Campio	G36840940	2.1	Festas Patronais de San Campio	3.000,00 €	3.000,00 €
8980-335	Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá	G36620854	2.1	Festival Atlantida II	4.000,00 €	7.500,00 €
			2.2	Festa Samáin Atlántida	3.500,00 €	
8987-335	Asoc. Cult. Recreativa S. Mamede de Zamáns	G36691855	2.2	Festa do Socio	1.600,00 €	1.600,00 €
8989-335	Asociación Veciños de Parada-Maceiriña	G36655942	2.1	Outono Cultural	2.400,00 €	3.200,00 €
			2.2	Magosto Popular	800,00 €	
8990-335	Asociación Cultural "Xarabal"	G36884864	2.2	Magosto Popular	1.650,00 €	1.650,00 €
			2.1	Celebración Mes Frida Khalo	1.316,25 €	
8991-335	Asoc. de Mexicanos en Galicia Chichenitza	G01905538	2.1	Fiestas Patrias Aniv. Asociación	144,75 €	144,75 €
			2.2			
8997-335	Asociación de Pandereteiras Urdime	G27797448	2.1	Día Internacional das Mulleres Rurais	600,00 €	600,00 €
9010-335	Asoc. Cultural Abella Producións	G27877703	2.1	Galician Freaky film Festival 2021	3.551,58 €	3.551,58 €
9011-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	2.1	Festival Folclórico	990,00 €	1.792,00 €
			2.2	Beade Dinámica	802,00 €	
9012-335	Asoc. de Veciños Nosa Terra de Alcabre	G36649374	2.1	Festival Nosa Terra de Alcabre 2021	952,87 €	952,87 €
				<b>TOTAL GASTO DO CONCEPTO 2</b>	54.799,69 €	<b>54.799,69 €</b>

**SEGUNDO:** Á exclusión das solicitudes ás que se refiren a base cuarta e sétima das Bases reguladoras, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

EXPT	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9008-335	The Wild	G27867076	Bases: 7.1 b, f. Base 7.2 .c.
9013-335	Asociación Romaría da Parrocha	G27880004	Base: 4.1

**TERCEIRA:** Ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes ata o día 22 de novembro de 2021 (incluído).

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.  
O ALCALDE,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 14:51	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AC47-E54ACB-59E1EB-YZ1JY7-GSFCEV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 14:51	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AC47-E54ACB-59E1EB-YZ1JY7-GSFCEV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		